

I CONCURSO DE MICRORRELATOS DO IES CHANO PIÑEIRO

“NIN PRÍNCIPES NIN PRINCESAS”

BASES CONCURSO MICRORRELATOS

- 1.- A temática dos textos será a IGUALDADE DE XÉNERO.
- 2.- Os traballos presentados estarán escritos en **GALEGO** e non poderán superar as **100 palabras** .
- 3.- Non está permitido empregar linguaxe sexista nin facer alusión a estereotipos relacionados con traballos propios de homes ou de mulleres.
- 4.- Poderá participar calquera membro da comunidade educativa do IES Chano Piñeiro.
- 5.- Cada participante só poderá entregar un traballo.
- 6.- Os traballos deberán entregarse nun sobre pechado onde se incluíra o nome e apelidos e curso do participante antes do día 1 de xuño de 2015.

Dito sobre será depositado nunha urna situada a tal efecto na Biblioteca do IES.

7.- PREMIOS: Establécense catro categorías:

- ✓ **1º e 2º ESO**
- ✓ **3º e 4º ESO**
- ✓ **1º e 2º Bacharelato**
- ✓ **Profesorado, pais, nais e persoal non docente.**

8.- O xurado do concurso estará formado por membros do equipo da Biblioteca e do EDLG do IES Chano Piñeiro e estará facultado para resolver as controversias ou circunstancias especiais que puidesen xurdir, así como para interpretar as presentes bases. A súa decisión terá carácter definitivo. A participación no concurso implica a aceptación das súas bases.

ORGANIZAN

BIBLIOTECA
IES CHANO
PIÑEIRO



I CONCURSO DE CURTAMETRAXES DO IES CHANO PIÑEIRO

“NIN PRÍNCIPES NIN PRINCESAS”

BASES CONCURSO CURTAMETRAXES

- 1.- A temática dos vídeos será a IGUALDADE DE XÉNERO.
- 2.- Os traballos presentados estarán rodados en **GALEGO** e non poderán superar o **minuto de duración**.
- 3.- Non está permitido empregar linguaxe sexista nin facer alusión a estereotipos relacionados con traballos propios de homes ou de mulleres.
- 4.- Poderá participar calquera membro da comunidade educativa do IES Chano Piñeiro permitíndose a posibilidade de facer o traballo en grupo.
- 5.- Cada participante só poderá entregar un traballo.
- 6.- As curtametraxes enviaranse por correo electrónico ao enderezo linguademontes@gmail.com indicando nome, apelidos e curso do/s participante/s antes do día **1 de xuño de 2015**.
- 7.- **PREMIOS:** Establécese unha única categoría.
- 8.- O xurado do concurso estará formado por membros do equipo da Biblioteca e do EDLG do IES Chano Piñeiro e estará facultado para resolver as controversias ou circunstancias especiais que puidesen xurdir, así como para interpretar as presentes bases. A súa decisión terá carácter definitivo. A participación no concurso implica a aceptación das súas bases.

ORGANIZAN

BIBLIOTECA
IES CHANO
PIÑEIRO

